

# TRABALLO PARA FACER EN CASA

## AULA DE 6ºA

---

### NOTA MOI IMPORTANTE:

Este traballo que a continuación se indica, é para que o alumnado de 6º o vaia facendo ao longo desta semana no seu domicilio. Está organizado por días e as sesións que imparte a titora pero o prazo de entrega das tarefas é moi flexible deixándoo a criterio de cada familia.

En principio, a corrección deste traballo farase cando nos incorporemos todos e todas ás aulas de xeito presencial. De continuar máis tempo nesta situación excepcional, teremos que buscar outro xeito.

Por outro lado, os traballos que lles mando enviarme por correo electrónico xa llos vou ir corrixindo. O meu correo é:

marialuisalodeiro@cpiorzacouto.com

Se hai alguén que non teña correo electrónico, non pasa nada, xa o correxirei á volta.

Dou por feito que non teñen por qué saber facer todas as actividades a pesar das explicacións que veñen nos libros. Polo que, se o alumnado encontra dúbidas, que as anoten e mas pregunten no me correo electrónico indicando: día, materia, páxina e exercicio.

Os traballos das das dúas semanas pasadas que xa tiñan que gardar no seu “pendrive” tamén podedes madalos a ese correo, revisando que o facedes en formato de texto (nome rematado en .doc, .docx ou .odt) non en .pdf , para que o poida devolver corrixido.

Os traballos que non estean en formato informático pero queiran ensinarme igualmente ( Art por exemplo) ou que estean escritos en follas, podedes escanealos a través da aplicación gratuita para móbiles “Can Scanner” ou facéndolle unha fotografía cos teléfonos e enviándonos despois.

Asemade, será fundamental que o vocabulario que non comprendan os alumnos e alumnas, o busquen no dicionario (físico ou na rede).

## Semana do 30/03/20

### Luns 30 de marzo

#### 1ªsesión: MATEMÁTICAS

- Exercicios do 26,27,28 e 29 da pax. 126

#### 2ªsesión: SOCIAIS

- Lectura pax. 102- 103: A industrialización española.
- Resume en 3 liñas como foi a industrialización en España e outras 3 para dicir como foi en Galicia. Esta actividade poden continuala na seguinte sesión de Sociais.
- O vocabulario que non se entenda buscalo no dicionario( físico ou na rede).

#### 3ªsesión: LINGUA ESPAÑOLA

- Comprobar que están copiados os dous cadros da páxina 112 e estudalos. Se falta algo rematalo.
- Exercicio 4,6 e 7 da pax. 113

#### 4ªsesión: SOCIAIS

- Rematar o da 2ª sesión.

#### 5ªsesión: ART

- Facer un “collage” de tema libre, co material que teñades por casa e no xardín: papeis de regalo, cartóns dos alimentos, pequenos xoguetes que teñades por casa sen uso, ramas, flores, papel de aluminio, revistas, xornais...
- Ponlle un título e unha breve explicación do que quixestes representar todo escrito en Inglés. Con dúas liñas chega. Non esquezas asinar a túa obra de arte.

## Martes 31 de marzo

### 1ª sesión: MATEMÁTICAS

- Exercicios 30,31,32 e 33 da pax. 126

### 2ª sesión: EF

### 3ª sesión: LINGUA ESPAÑOLA

- Exercicios 4,5 e 6 da pax. 127
- Copia o ditado da pax. 127 e sulña todas as palabras con b ou v.

### 4ª sesión: INGLÉS

### 5ª sesión: SOCIAIS

- Lectura pax. 104 e 105: Zoom patrimonio.
- Actividades: Os novos materiais (**ferro, aceiro, vidro**), producidos de forma industrial, permitiron levantar edificios máis elevados, lixeiros, espazosos e luminosos. Dous grandes exemplos son a Torre Eiffel en París e o Palacio de cristal en Madrid.

Busca información sobre estes dous edificios na rede e anota 5 datos importantes de cada un (cando se construíu, para qué, onde está, dimensións... )Estes enlaces xa che levan ás páxinas de wikipedia:

[https://es.wikipedia.org/wiki/Torre Eiffel](https://es.wikipedia.org/wiki/Torre_Eiffel)

[https://es.wikipedia.org/wiki/Palacio de Cristal del Retiro](https://es.wikipedia.org/wiki/Palacio_de_Cristal_del_Retiro)

- Mira os seguintes Vídeos dos dous edificios:

<https://www.youtube.com/watch?v=n7ZkE36G0lU> : vídeo con datos curiosos.

<https://www.youtube.com/watch?v=RWIJlN5F8pw> : visita ao palacio de cristal.

## Mércores 1 de abril

### 1ª sesión: VALORES/ RELIXIÓN

- Imaxina que te pasas un día enteiro facendo un traballo para Sociais e ao día seguinte te enteras de que un compañeiro ou compañeira cho copiou do teu ordenador e llo entregou co seu nome á vosa mestra.
- Contesta ás seguintes preguntas: Como te sentirías? Cres que é unha boa acción? Cres que se aprende algo copiando? Cres que está xustificado nalgún caso copiar dos outros? Por que cres que o fixo: porque el non é quen de facelo , por comodidade...? Por que cres que esa persoa escolleu o teu traballo entre todos os teus compañeiros e compañeiras? Reflexiona sobre todo o anterior e explica a túa opinión ao respecto.
- De ser posible, faino nun documento de texto no ordenador e envíamo.
- De non ter ordenador faino nun folio branco con moi boa letra e envíao.

### 2ª sesión: MATEMÁTICAS

- Exercicios 34,35,36 e 37 da pax. 126

### 3ª sesión: LINGUA ESPAÑOLA

- Copia o cadro da páxina 128
- Exercicios 1,2 e 4 da pax. 128

### 4ª sesión: SOCIAIS

- Cos datos que anotaches na anterior sesión fai unha mini redacción de cada un dos edificios ( torre Eiffel e Palacio de Cristal) contando os datos máis importantes. Máis ou menos 10 liñas para cada un. Lembra facelo en galego, nun documento de texto no ordenador e en caso de non telo en casa, nunha folla en branco para logo entregar. Escribe título, nome , data e pega unha fotografía ou se te animas un debuxo teu.

Cando o teñas rematado, mándamo ao meu correo electrónico e se o fixeches a man quítalle unha fotografía co móbil dos teus pais e mo adxuntades nun correo. A seguinte sesión de sociais tamén se destinará a esta actividade así que aínda tes outro día para facelo.

## Xoves 2 de abril

### 1ªsesión: MATEMÁTICAS

- Exercicios do 38,39,40 e 41 da pax.126

### 2ªsesión: LINGUA ESPAÑOLA

- Copia o cadro da pax. 129
- Exercicios 5, 6 e 7 da pax. 130

### 3ªsesión: MÚSICA

### 4ªsesión: LINGUA ESPAÑOLA

- Lectura pax. 132 para repasar como se fai unha entrevista.
- TALLER DE EXPRESIÓN: Como facemos sempre e enviar.

### 5ªsesión: SOCIAIS

- Continúa cos traballos da torre Eiffel e do palacio de Cristal.

## Venres 3 de abril

**1ª sesión:** EF

**2ª sesión:** MATEMÁTICAS

- Exercicios 42,43 e 44 da pax. 126

**3ª sesión:** SOCIAIS

- Exercicios 1 e 2 do repaso pax. 106

**4ª sesión:** INGLÉS

**5ª sesión:** LIBRE CONFIGURACIÓN

- Para o alumnado que teña ordenador no seu domicilio e acceso a internet :  
facer o repaso do tema 8 de lingua española na páxina web de ceip Loreto.
- Para o alumnado que non teña ordenador no seu domicilio: Que estude o tema 8 de Lengua polo seu libro e repase as actividades do caderno.